


## CONCURSO RELATO CURTO



Co fin de difundir e promover a creatividade literaria o Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Pedras Rubias convida ao seu alumnado a participar no Concurso de Relato Curto desde o mes de outubro ata o mes de maio, ambos incluídos.


**Bases:**

Primeira: Os relatos deberán estar escritos en lingua galega. Poderá participar todo o alumnado do centro (1º, 2º, 3º e 4º de ESO).



Segunda: A participación no concurso terá carácter voluntario e implicará a aceptación das presentes bases. O incumprimento dalgunha das bases dará lugar á exclusión do participante.

Terceira: Os relatos presentados deberán ser inéditos e orixinais. Non poderán presentarse traballos que foran premiados anteriormente.

Cuarta: O tema é libre, pero deberán comezar pola oración proporcionada polo profesorado. No mes de outubro os relatos comenzarán do xeito que segue: "A casa está baleira. Vai ser alugada ou mercada ou esborrallada. A filla sente unha dor no fondo do corazón e hai bágoas nos seus ollos." Os seguintes meses comenzarán pola última oración do relato gañador do anterior mes de cada aula.

Quinta: Os relatos terán unha extensión máxima de 150 palabras (incluídas as que compoñen a oración inicial que o profesorado proporcionará e que será o inicio de todos os relatos) en corpo 12 e dobre espazo. Deberá levar título (non contabilizará nas 150 palabras). Enviaranse exclusivamente por correo electrónico ao seguinte enderezo: [concurserelatocurto@gmail.com](mailto:concurserelatocurto@gmail.com). No asunto figurará o nome e o primeiro apellido do participante. O relato deberá adxuntarse nun documento realizado en Word. Só se poderá presentar un relato por mes.

Sexta: O prazo de admisión de traballos finaliza os 5 días antes de cada mes ás 12 da noite (por exemplo, en outubro o día 26). O xurado estará composto polos membros do departamento de Lingua Galega e Literatura. O fallo do xurado será inapelable e farase público antes do 5 do mes seguinte. Comunicarase polo profesorado correspondente en cada aula e todos os relatos gañadores publicaranse mensualmente na web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespedrasrubias/>.

Todos os relatos finalistas (un por aula e por mes) competirán para o gañador anual.

Sétima: Valorarase a creatividade, a orixinalidade, a calidade literaria, corrección ortográfica e o contido do relato. Os organizadores resérvanse o dereito a eliminar aqueles relatos que promovan a violencia ou discriminación de calquera tipo ou sexan ofensivos.



Oitava: De todos os relatos participantes por aula será seleccionado un cada mes, o que obteña a maior puntuación do xurado. Deste xeito, mensualmente haberá 14 seleccionados. As obras gañadoras do mes seguirán a concursar para o relato gañador final.